

ACTA N° 07/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 15 de febreiro de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 05/10, do 1 de febreiro de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución núm. 82/10 a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno de realización de horas extraordinarias da policía Local con motivo do enterro da sardiña.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE APERTURA

3.A) EXPTE. 06/10 – D. JUAN DIEGO FERNÁNDEZ DEL RÍO. solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 19 de xuño de 2009, licenza de apertura de local destinado a oficina na rúa Bernardino Graña..

Visto o informe do aparelador municipal do 2 de febreiro de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **Juan Diego Fernández del Río**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 62/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006.

A ordenación de usos do Plan parcial para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 13 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **D. JUAN DIEGO FERNÁNDEZ DEL RÍO**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 62/2006) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 24.07.2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 02 de febreiro de 2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. JUAN DIEGO FERNÁNDEZ DEL RÍO**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña, 1 edif. Poza da Moura, 1º, local 6, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

3.B) EXPTE. 04/10 – D. SERGIO FERNÁNDEZ ALONSO. solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 9 de xuño de 2009, licenza de apertura de local destinado a oficina na rúa Bernardino Graña, 1, portal II, 1º piso local 7.

Visto o informe do aparelador municipal do 2 de febreiro de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **Sergio Fernández Alonso**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 62/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006.

A ordenación de usos do Plan parcial para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 13 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **D. SERGIO FERNANDEZ ALONSO**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 62/2006) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 24.07.2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 02.de febreiro de.2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. SERGIO FERNÁNDEZ ALONSO**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña, edif. Poza da Moura, portal II, 1º local 7, ao ser conforme á ordenación

urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

4.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

4.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. Esteban García Alfaro e D.^a María del Carmen Blázquez Ríos, no que SOLICITAN licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada en Calvar, Domaio, pertencente á licenza de obra Expte. nº 135/06 [concedida pola XGL en sesión de data 18.02.2008].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 12 de febreiro de 2010 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de conexión aos sumidoiros.
- certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 05 de maio de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 13 de maio de 2008; asinado polo arquitecto D. Rafael Oliveira Souto o día 05 de maio de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22 de maio de 2008.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens, modelo 902-N.

INFORMO:

Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, informo **favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 135/2006, aos seus promotores D. Esteban García Alfaro e D.^a María del Carmen Blázquez Ríos, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

4.B) D. Ricardo Collazo Carballa, en representación de DIVICASA PROMOCIONES, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 9 de novembro de 2009, SOLICITA licenza de primeira ocupación para tres vivendas unifamiliares adosadas en Meira, O Latón, pertencente á licenza de obra Expte. nº 119/06 [concedida pola XGL en sesión de data 20.11.2006 e modificado o acordo na XG do 26.02.07].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 12 de febreiro de 2010 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se substenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996.

2. A solicitude obxecto de presente informe, presenta a seguinte documentación:

1. Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de conexión de traída de augas e conexión aos sumidoiros.

2. Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Senén Fernandez de la Calle, o día 22 de outubro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 28 de outubro de 2009; asinado polo arquitecto D. Borja Ramilo Méndez o día 22 de outubro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 6 de novembro de 2009.

- Fotografías da obra rematada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

INFORMO:

Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 390,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para 3 vivendas unifamiliares adosadas dimanantes da licenza en Expte. nº 119/2006, á súa promotora DIVICASA PROMOCIONES, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

4.C) D. Manuel Rodríguez Calvar, por escrito con entrada no Concello o día 11 de decembro de 2009, SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar

adosadas no Pombal, Meira., pertencente á licenza de obra Expte. nº 212/05 [concedida pola XGL en sesión de data 01.08.2005].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 12 de febreiro de 2010 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de conexión aos sumidoiros.
- certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 16 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de febreiro de 2009; asinado polo arquitecto D. Rafael Oliveira Souto o día 16 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 26 de febreiro de 2009.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens, modelo 902-N.

INFORMO:

Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, informo **favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 212/2005, ao seu promotor D. MANUEL RODRÍGUEZ CALVAR, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Por escrito do 3 de decembro de 2010, o representante da xunta de compensación “Golf-Domaio” entrega documentación que revisa o deseño do vial C-D da zona A, así como a solución á almacenaxe de augas residuais da zona P. da urbanización residencial Golf Domaio para que sexa informada polo arquitecto municipal.

Dáse conta do informe do arquitecto que actúa como asistencia técnica municipal de data 5 de xaneiro de 2010 que di:

GUMERSINDO FERRO PICHEL, Arquitecto Colexiado nº 1323 co COAG Delegación de Pontevedra, actuando como asistencia técnica municipal o Concello de Moaña.

A petición da Alcaldía realízase o seguinte:

Informe: Sobre deseño de vial C-D e almacenamento de augas residuais da zona P.

Antecedentes

En data 3 de decembro de 2009 preséntase por parte do representante da xunta de compensación golf-domoio, documentación gráfica do proxecto reformado de urbanización.

CONSIDERACIÓNS

1.- No sector A preséntanse os planos N1, D2, D2B, D2C e detalle tipo vial C-D. E no sector P Plano 5.

2.- As modificacións pretendidas non afectan substancialmente os viais, por non modificarse o trazado, o largo total, e o carácter viario para automóbiles. Unicamente se modifican o carácter das beirarrúas que permitirán o paso de vehículos agrícolas esporadicamente producíndose nas mesmas un tráfico mixto.

3.- O vial respecta a accesibilidade para os peóns.

4.- Recóllese como obra provisoria a colocación dun depósito de augas de 3000 l. para almacenamento de residuais.

Por todo isto

Dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódense deducir as seguintes

CONCLUSIÓNS

- a) Infórmase favorablemente as modificacións de deseño propostas unha vez que non supón unha modificación urbanística, nin substancial; de trazado, dimensións e carácter do tráfico de vehículos proposto.
- b) Autorízanse aquelas obras provisorias que se realicen na execución da mesma, sempre que non afecten servizos públicos, e se retiren previamente á finalización das obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a modificación do deseño proposto das beirarrúas co fin de permitir o paso esporádico de vehículos agrícolas, xa que non supón unha modificación urbanística nin substancial do trazado, das dimensións e do carácter do tráfico de vehículos proposto, tal e como recolle o informe do arquitecto. Así mesmo, e en relación á solución para a almacenaxe de augas residuais da zona P, a Xunta de Goberno Local entende que están autorizadas aquelas obras provisorias que se realicen na súa execución, sempre que non se afecten servizos públicos e que se retiren previamente á finalización das obras.

6.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 15 de febreiro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. IBERDROLA GENERACIÓN, S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***Iberdrola Generación S.A.U. (CIF A95075586)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
XANEIRO 2010	6.570,14	98,55

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola Generación SAU. por 98,55 euros polos período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

7.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA DE URBANIZACIÓN -EXPTE. 119/05

Visto o escrito presentado por D. José Meira Barcía no que expón que obtivo a licenza de primeira ocupación para o expte. de obra 119/05, aprobada pola Xunta de Goberno Local, solicita a devolución da fianza depositada.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 12 de febreiro de 2010,

Visto o informe favorable da tesoureira do 15 de febreiro de 2010, á devolución da fianza depositada por D. José Meira Barcia, expte. de obra 119/05, por importe de 50,00 euros, (nº de documento 2005-260-0).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza por importe de 50,00 euros a favor do seu promotor D. José Meira Barcia.

8.- BASES DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE UN PROFESOR/A (ESPECIALIDADE FRAUTA TRAVESEIRA) PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA

Visto o informe do Director da Escola Municipal de Música de data 3 de febreiro no que se da conta da baixa por maternidade da profesora de frauta traveseira polo que se precisa a contratación de un novo profesor mentres dure a baixa da titular.

Vista a proposta da Alcaldía para a contratación de un profesor (especialidade frauta traveseira) para a escola municipal de música de Moaña a xornada completa e as bases de selección incluídas na citada proposta, que din:

BASES DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PROFESOR/A (ESPECIALIDADE DE FRAUTA TRAVESEIRA) PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA

PRIMEIRA: CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN.

1.- O obxecto da presente convocatoria é a selección de 1 PROFESOR para impartir as correspondentes clases na Escola Municipal de Música de Moaña, en tanto dure a baixa por maternidade da titular (catro meses aproximadamente)

2.- O traballador/a contratado/a prestará os seus servizos segundo o contrato correspondente, sen que en ningún caso adquira ningún dereito a incluírse no persoal fixo de plantilla, puidendo o Concello de Moaña, establecer un período de proba que en todo caso se axustará á lexislación laboral prevista, no momento da sinatura do correspondente contrato.

3.- O traballo a desenvolver consistirá en: Impartir e organizar as clases da súa especialidade, así como das materias complementarias necesarias. Participar das Audicións, concertos, eventos pedagóxicos organizados pola Escola.

Concorrer ós Claustros, sesións de avaliación, reunións de departamentos e a cantas outras sexa convocado en relación coa súa tarefa docente. Confeccionar cuantos informes sexan precisos para o desenvolvemento da programación escolar.

4.- O horario lectivo que lle corresponde á xornada é de 24 h.

5.- A retribución bruta mensual da persoa contratada sería de 1.464,14 euros .

SEGUNDA: REQUISITOS PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA.

Os aspirantes deben reunir todas e cada unha das condicións seguintes, sempre referidas á data de expiración do prazo para presenta-las solicitudes:

1- Ser español ou doutro Estado membro da Unión Europea, ou dun estado que teña estes efectos mediante convenio ao respecto con aquela.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuse dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e cando así o prevexa o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuse, menores de vinte e un anos e maiores de dita idade cando neste último caso, vivan ás súas expensas

2- Ter cumpridos dezaoto anos de idade.

3- Estar en posesión da titulación esixida para a categoría que se convoca: a lo menos grao medio, Titulación Profesional de Frauta Traveseira, ou calquera outro equivalente que lle permita legalmente levar a cabo o citado traballo. No caso de que as titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedido a correspondente homologación, de conformidade coa lexislación vixente.

4- Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración ou Institución como consecuencia de expediente disciplinario. No caso de aspirantes cunha nacionalidade que non sexa a española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

5- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Todos os requisitos sinalados nas presentes bases deberanse posuír no día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento de asinar o correspondente contrato.

TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1- Os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud segundo o modelo de Anexo I das presentes bases, onde manifesten que reúnen os requisitos esixidos na base anterior. Este modelo será de documento será o único válido para solicita-la participación no concurso.

b) Fotocopia do D.N.I.

c) Curriculum Vitae detallado, académico e profesional, e acompañado dos documentos acreditativos dos méritos alegados. No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados, dando lugar a dúbidas ao órgano calificador, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados, nin puntuados. Os documentos aportados deberán ser orixinais ou copias compulsadas.

2- O prazo de presentación de solicitudes será de 8 días naturais a contar a partir do día da publicación da presente convocatoria nun diario da provincia. As bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

3- As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Moaña, sito na rúa Barxas, 2, dentro do horario de 8:00 a 14:00 horas, e os Sábados de 10:00 a 13:00 horas.

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calesquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. No obstante, neste último caso, deberá anticiparse a solicitude por fax ao Concello de Moaña (986310104)

4- Admisión de aspirantes: Rematado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente da Corporación, dictará resolución que proceda sobre a admisión ou exclusión provisional de aspirantes, que será publicada no Taboleiro de anuncios do Concello. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos na Base Terceira concederáse un prazo de dous (2) días para que se subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos. A continuación, e unha vez resoltas as posibles reclamacións e subsanación de deficiencias, o órgano competente dictará resolución definitiva de admitidos, se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Na mesma resolución se incluírá a composición do Tribunal avaliador e o lugar e data de comezo da selección, igualmente os restantes días nos que se deba realizar a selección ou calquera outra comunicación se realizará a través do taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

CUARTA TRIBUNAL CALIFICADOR.

1- A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Calificador que estará integrado polos seguintes membros:

– **Presidente:** A Técnica Local de Emprego

-Vocais: O Director da Escola Municipal de Música
Un profesor da Escola Municipal de Música
Un vocal designado a proposta do Comité de Persoal

-Secretario: O Secretario da Corporación ou membro en quen delegue que actuará con voz pero sen voto.

2- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen asistencia de máis de a metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario ou das persoas en quen deleguen.

3- Será causa de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

QUINTA: ESTRUCTURA E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

1- Reunido, validamente, o tribunal queda facultado a valorar unicamente os aspirantes presentados ó proceso selectivo.

2- O procedemento de selección consistirá nun concurso-oposición, iniciándose o mesmo pola fase de valoración dos mérito achegados e continuando coa realización dos exercicios da fase de oposición.

3- Fase de oposición:

a) Os aspirantes procederán a realizar a fase de oposición sendo chamados por orden alfabético do seu apelido. Realizaráse un único chamamento polo Tribunal Calificador, no caso de que o aspirante non se presentase ao citado chamamento, se lle terá por non presentado.

b) As probas consistirán nos seguintes aspectos:

-Interpretación de 2 obras de estilos diferentes, a elección do interesado/a (máx 15 min)

- Lectura a primeira vista de 2 obras ou fragmentos de música de cámara escollidas polo tribunal e/ou impartición dunha clase práctica sobre unha peza dada. (máx 20 min)

-Entrevista persoal .

Cada apartado das dúas primeiras probas valorarase por separado de 0 a 25 puntos, sendo a puntuación final a suma de todas elas, quedando eliminado/a aspirante que non alcance un mínimo de 12,50 puntos en calquera das probas.

A Entrevista Persoal valorarase de 0 a 10, quedando eliminado o aspirante que non acade un mínimo de 5 puntos.

O Tribunal avaliador poderá interromper en calquera momento as probas a realizar polo aspirante, cando considere que xa ten elementos de valoración suficientes, aínda que non se tivera esgotado o tempo máximo para a realización das probas.

A puntuación máxima para esta fase queda establecida en 60 puntos.

4- Fase de concurso.

I.-Méritos Académicos:

Por estar en posesión de outros títulos académicos superiores ó exisido para o ingreso (relacionados co contido profesional da praza á que se opta). Máximo 7 puntos.

- Título de Doutor , 7 puntos
- Título Superior, 5 puntos
- Maxisterio Musical, 3 puntos

II-Experiencia docente: ate un máximo de 20 puntos

Por cada mes traballado como profesor da titulación pola que se presenta (frouta traveseira) en Conservatorios Públicos ou Escolas Municipais de Música: 0,30 puntos

Por cada mes de traballo como profesor da titulación pola que se presenta (frouta traveseira) en Conservatorios ou Escola de Música privadas: 0,20 puntos

Por cada mes traballado como profesor de outra titulación musical diferente á que se presenta en Conservatorios, Colexios ou Escolas Municipais de Música Públicos: 0,15 puntos

Por cada mes traballado como profesor de outra titulación musical diferente á que se presenta en Conservatorios, Colexios ou Escolas de Música privadas: 0,10 puntos

No caso de traballar a xornada completa (mínimo 8 horas diarias os 5 días a semana), no caso de traballo a tempo parcial, computarase proporcionalmente o número de horas traballadas.(non se terá en conta a experiencia en prácticas ou similares).

Documento xustificativo para este apartado: orixinal ou fotocopia compulsada de nomeamento ou contrato onde conste a xornada laboral e duración do citado contrato (no caso de non figurar a data de remate do contrato, deberá acompañarse de vida laboral onde conste o inicio e remate do mesmo). No citado contrato deberá figurar igualmente a materia impartida ou titulación en virtude da que se contrata, no caso de que non figurase, deberá presentarse documento expedido polo Conservatorio ou Escola de Música onde consten os citados datos.

III-Formación e especialización profesional:

a) Por cursos de pedagogía musical ou actividades musicais recibidos polo candidato:

- De duración inferior a 4 horas.....0,04 puntos
- De 4 a 9 horas 0,08 puntos

- De 10 a 29 horas 0,2 puntos
- De 30 a 49 horas..... 0,4 puntos.
- De 50 a 99 horas..... 0,6 puntos.
- De 100 ou máis..... 0,8 puntos.

(Ata un máximo de 10 puntos).

Acreditarase mediante o título correspondente.

IV-Coñecemento de Galego:

1- Puntuación máxima 3 puntos (Os cursos superiores abranguen ós inferiores).

- Celga 4: 1 punto.
- Celga 3: 2 puntos.
- Celga 2: 3 puntos.

(A puntuación máxima que se poida obter nesta fase será de 40 puntos)

SEXTA: RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematada a valoración dos méritos e a fase de oposición, o Tribunal Calificador emitirá resolución facendo pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a puntuación total de todos e cada un dos aspirantes; aínda que non se poderá formalizar proposta de contratación máis que a favor do aspirante con puntuación superior.

A calificación total se obterá de sumar os puntos acadados no procedemento de valoración do Curriculum Vitae, de conformidade co baremo anteriormente sinalado e a puntuación obtida na fase de oposición.

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal por Resolución de Alcaldía se procederá ao nomeamento do aspirante seleccionado, que terá que presentar no prazo de 2 días hábiles, documentación de tódolos requisitos incluídos na Base Séptima das presentes bases.

Os restantes candidatos, pola orde da puntuación obtida poderán ser contratados no caso de vacantes sobrevidas.

SÉTIMA: DOCUMENTACIÓN PREVIA Á CONTRATACIÓN.

Os aspirantes seleccionados, polo Tribunal Calificador, deberán presentar na Secretaría da Corporación dentro dos dous días hábiles seguintes á publicación da calificación final no taboleiro de anuncios do Concello, a seguinte documentación :

1-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

2-Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

OITAVA: IMPUGNACIÓNS E RECLAMACIÓNS.

A presente convocatoria, as bases que a regulan e tódolos actos administrativos que se deriven destas, así como as actuacións do tribunal de valoración , poderán ser impugnadas polos interesados na forma prevista legalmente na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No non previsto nas presentes bases será de aplicación a lexislación básica estatal en materia de selección de persoal e a lexislación autonómica de desenrolo da mesma.

CALENDARIO DA CONVOCATORIA.

- 15 de febreiro 2010.- Aprobación das bases na Xunta de Goberno Local.
- 16 de febreiro 2010.- Publicación das bases e convocatoria.
- 17 a 24 de febreiro.- Presentación de solicitudes.
- 1 de marzo.- Publicación de listaxe de admitidos e excluídos e puntuación de fase de concurso.
- 1 a 3 de marzo.- Presentación de reclamacións
- 4 de marzo.- Publicacións de relación definitiva de aspirantes e puntuación de fase de concurso.
- 5 de marzo.- Probas fase de oposición
- 9 de marzo.- Publicación de resultados provisionais.
- 9 a 12 de marzo.- Reclamacións
- 15 de marzo.- Aprobación pola Xunta de Goberno Local de proposta de contratación.

Vista os informes da Secretaría e da Intervención Municipal respecto das bases de selección.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar as bases e o calendario proposto para a contratación de un profesor (especialidade fruta traveseira) para a escola municipal de música de Moaña a xornada completa e e iniciar o procedemento para a súa selección. A duración do contrato será o tempo de baixa da titular da praza.

Segundo: Proceder á publicación das bases no Taboleiro de Edictos do Concello e anuncio da convocatoria nun diario dos de maior tirada provincial.

9.- MOBILIDADE

D. Rosalino Pequeño Antela, como presidente da asociación de veciños Cruceiro do Río, por escrito con data de entrada no Concello o día 1 de decembro de 2009, expón que no lugar da Paradela hai un camiño interno de formigón, Camiño da Racha, que é de dobre sentido e cando coinciden dous vehículos ao tempo faise imposible a circulación. Indica que logo de tratalo entre os veciños con vivendas con entrada por este camiño, solicitan a colocación dun sinal de prohibida a entrada no sentido ascendente, para permitir só a circulación en sentido descendente, dende a Paradela de Arriba cara ao centro da Paradela.

Visto o informe favorable do inspector-xefe da Policía Local, conformado pola concelleira de Mobilidade, do 4 de decembro de 2009, que indica que se debería colocar:

- un sinal de entrada prohibida (R-101) na entrada ao Camiño de Racha dende o cruce coa estrada Paradela-Berducedo uns metros máis arriba do bar “Novo Faria”.

- un sinal de sentido obrigatorio á dereita (R-400 d) no cruce do Camiño de Racha co Camiño da Pena, para que os condutores procedentes deste último circulen cara á estrada Paradela-Berducedo.
- un sinal de calzada de sentido único (S-11) no comezo do Camiño da Racha (parte de arriba).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación de sinais solicitada, nos termos recollidos no informe do inspector-xefe da Policía Local.

10.- VADOS

10.A) A representante da Comunidade de Propietarios Residencial Bretema, por escrito do 1 de decembro de 2009, solicita dar de baixa o vado da rúa Fragata Almansa, 9. O día 27 de xaneiro entrega a placa do vado nº 324.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa no Padrón de vados ao nº 324, na rúa Fragata Almansa, 9 – da Comunidade de Propietarios Residencial Bretema, e darlle traslado do acordo ao ORAL.

10.B) D. Jesús José Barreiro Fernández, por escrito do 4 de febreiro de 2010, expón que xa solicitou a baixa no Oral en Pontevedra no ano 2006 e que está pagando o vado 237 do que non é titular nin fai servizo del, polo que solicita a baixa no padrón de vados para que non lle volvan pasar máis recibos ao seu nome, e que lle devolvan o importe do embargo pola cantidade de 204,17 euros do ano 2005.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a baixa no Padrón de vados do nº 237 cuxo titular é D.Jesús José Barreiro Fernández, quen debe proceder á devolución da placa. En canto á reclamación económica, o solicitante deberá requirila por separado, dando traslado ao ORAL.

11.- FURANCHOS

D.^a CARMEN ABAL PORTELA solicita autorización para abrir un furancho na súa bodega para a venda de 700 litros de viño, en Abelendo, 198, desde abril a xuño de 2010. Presenta declaración de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado desde o mes de abril a xuño de 2010 –tres meses-, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

12.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE COCHE POR TITULAR DE LICENZA DE TAXI

Por escrito do 2 de febreiro de 2010, D. José Iglesias Ríos, titular da licenza de taxi nº 7, solicita cambio de vehículo por renovación de material, substituíndo o actual Renault Laguna, matrícula 1435 BPV, por un Peugeot 5008, matrícula 8654 GSY e número de bastidor VF30ARHE895260161..

Visto o informe do negociado de taxis, no que indica que non hai inconveniente en acceder ao solicitado tras o pagamento das taxas correspondentes que ascenden a 25 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar o cambio de vehículo solicitado previo pagamento das taxas correspondentes, cuxa contía ascende a 25 euros.

13.- CESIÓN DE TERREOS PARA INSTALACIÓN DE BOMBEO DE AUGA POTABLE MUNICIPAL

D.^a María Iglesia Jalda, por documento datado o 15 de decembro de 2009, expón que é propietaria dun terreo de 118 m² de superficie, identificado co nº de rexistro catastral polígono 19 parcela 118, situado no lugar de Muiño do Inferno, parroquia de Broullón, término municipal de Moaña, no borde da carretera PO-315 (linde sur da finca), e que linda ao oeste cun vial público e ao norte coa propiedade de D. Julio Acuña. Dita propiedade correspóndelle por herdanza, e pola súa libre vontade cédelle gratuitamente ao Concello a plena propiedade de dita finca para a instalación dun bombeo de auga potable municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acepta a cesión da finca e darlle a finalidade para a que se cede.

14.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE LOCAL DESTINADO A CENTRO DE ODONTOLOXÍA E FISIOTERAPIA.

O Sr. Alcalde sinala que celebrou Mesa de Contratación desta licitación o día 10 de febreiro.

Á vista da acta da citada Mesa, na que se inclúe a seguinte proposta:

“Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 13:10 horas, constitúese a Mesa de Contratación de arrendamento de un local destinado a centro de odontoloxía e fisioterapia integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, D. Euloxio Santos Leites representante de INMO, D. Víctor Pastoriza Lino, representante do PSOE, D. Valentín Piñeiro González, representante do BNG, D. Angel Manuel González Riobó, representante do PP, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor Municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto Técnico do Concello, e Dna. María Boubeta Pena, representante da Plataforma da Sanidade de Moaña, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

O Sr. Alcalde afirma que a Mesa de Contratación de arrendamento de un local destinado a centro de odontoloxía e fisioterapia celebrada o 16 de decembro de 2009, acordou pedir informe aos técnicos municipais sobre o local que figuraba na única oferta presentada por PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ S.L. para determinar se cumpre os mínimos establecidos nos pregos técnicos e do Asesor informe respecto da posibilidade de arrendar o local sen segregación e agrupación previa. Igualmente se acordou requirir do licitador que aportase estatutos do edificio e certificación rexistral da parcela. Alvarez Souto remitiu certificación rexistral da parte do local pero non de todo. Hai sobre vinte metros cadrados que quedarían noutra inscrición rexistral. Nos informes do Asesor se sinala que a oferta non cumpre cas condicións dos pregos de licitación pois non pon a disposición para ao arrendo un local ca superficie mínima esixida senón unha superficie de douscentos corenta metros cadrados distribuída en dous locais.

O Sr. Secretario Municipal sinala que neses termos non cabe proceder á adxudicación e que non se pode adxudicar o contrato en base á oferta presentada, polo que o procedente é deixar deserto o concurso. De acudirse á adxudicación directa en base a unha previa licitación deserta haberá que respectar os termos da licitación previa sen que se poida modificar o obxecto do contrato, neste caso o local a alugar.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, sinala que se pode facer unha valoración dunha oferta como a presentada sempre que se localizen os metros cadrados esixidos polo Concello nunha única superficie.

O Sr. Alcalde afirma que se pode acudir a unha adxudicación directa, non solo en base á previa declaración de concurso directo, senón tamén en base á especialid idoneidade do ben que prevé a lei e á vista das circunstancias que concorren e as posibilidades que ofrece o mercado inmobiliario en Moaña.

O Sr. Interventor Municipal afirma que nese caso debe quedar convenientemente xustificado no novo expediente que se abra as circunstancias habilitadoras da adxudicación directa, mediante os correspondentes informes ou demais documentación que se precise.

A Mesa acorda propoñer, á vista do exposto e do informe do Asesor Xurídico do Concello, a desestimación da única oferta presentada na licitación, de PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ S.L. e polo tanto de declaración de deserta da licitación, á Xunta de Goberno Local coma órgano de contratación.

Quedan unidas ao expediente a proposición económica presentada.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión s 13,40 horas.”

A Xunta de Goberno, á vista da proposta da Mesa de Contratación, e por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Inadmitir a oferta presentada pola empresa PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ S.L., por entender que a mesma non se axusta ás determinacións previstas nos pregos de licitación.

SEGUNDO.- Declarar deserta a licitación do expediente de contratación mediante procedemento aberto para aluguer de local destinado a centro de odontoloxía e fisioterapia, dando traslado do acordo ao licitador que presentou oferta.

15.- NOMEAMENTO DE COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA *SANEAMENTO DA COSTA GRANDE*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda nomear a D. D. Ángel Manuel Roncero Díez, como coordinador de seguridade e saúde en fase de execución da obra *SANEAMENTO DA COSTA GRANDE*.

16.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relación a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MARÍA ESPERANZA CASAL SANTIAGO	Auga, uso comercial	Pura P. Prado, 23 - 1º, local 4.	Taxas conexión 60 Fianza 20	

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.